



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Responsabilidade patrimonial das administracións públicas

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Históricos EGAP

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	HOMOLOGADO	<b>HORAS:</b>	27
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AUTONÓMICA	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2009
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 07/01/2009 - 00:00h ao 19/01/2009 - 23:59h

**RESPONSABLE:** []

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Análise da normativa sobre a responsabilidade patrimonial, dos procedementos administrativos para a súa efectividade, das súas diferentes dimensións (polo funcionamento anormal do servizo público, de autoridades e persoal ao servizo das administracións, do estado lexislador, por actos de concesionarios e contratistas ...).

Análise práctico dos diferentes supostos, partindo dos mais recentes pronunciamentos xurisprudenciais na materia e estudo de criterios específicos de órganos consultivos: Consello de Estado e Consello Consultivo de Galicia.

A materia presenta especial interese científico e técnico para aqueles funcionarios que tramiten calquera tipo de expediente relativo a esixencia de responsabilidade patrimonial perante o órgano ou dependencia na que prestan servizos.

Todos os órganos administrativos están suxeitos a eventual esixencia de responsabilidade patrimonial por parte dos cidadáns, calquera que sexa o servizo público que presten: por actos materiais, polo exercicio ordinario das súas competencias, por retrasos na prestación do servizo, por actos lexislativos, por actos de funcionarios.

O coñecemento desta materia redonda no mellor exercicio profesional da súa función na medida en que a materia presenta múltiples dimensións, na medida en que absolutamente todos os servizos públicos e polo tanto todas as actuacións, incluídas as puramente materiais ou de xestión están suxeitas a eventual esixencia de responsabilidade patrimonial.

Por outra banda, a regulación do procedemento de esixencia de responsabilidade patrimonial existen múltiples aspectos non resoltos na normativa tales como as causas e prazos de prescrición, a caducidade, a lexitimación, a función dos órganos consultivos, a cuantificación dos danos, o concepto de nexo causal, os propios requisitos para apreciar un funcionamento anormal dun servizo, o caso fortuíto ou forza maior... e que dan lugar a unha intensa actividade xurisprudencial de interpretación e integración das leis que necesariamente teñen que coñecer aqueles funcionarios que ordinaria ou eventualmente participan na tramitación deste tipo de expedientes. Así mesmo, é unha materia de gran interese xurídico e doctrinal.

### DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia, preferentemente funcionarios dos grupos A e B

## PROGRAMA

A responsabilidade patrimonial da Administración. Principais teorías  
Regulación actual. Características e presupostos da responsabilidade da Administración

- Procedemento en materia de responsabilidade patrimonial; procedemento ordinario, procedemento abreviado.
- A responsabilidade de autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas
- A responsabilidade de contratistas e concesionarios na nova Lei de contratos das Administracións Públicas.
- A responsabilidade do estado lexislador
- A responsabilidade patrimonial sanitaria
- A intervención dos órganos consultivos no procedemento de responsabilidade patrimonial. Consello Consultivo e Consello de Estado

## CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección dos participantes será realizada pola Asociación de Letrados da Xunta de Galicia, a quen lle corresponde a dirección e responsabilidade académica do curso, respectando en todo caso os criterios selectivos sinalados con carácter xeral na resolución da Escola Galega de Administración de Pública do 4 de xaneiro de 2008 (Diario Oficial de Galicia nº 7 do 10 de xaneiro de 2008).

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** SANTIAGO DE COMPOSTELA

**INICIO / FIN:** 26/01/2009 a 05/02/2009

**NUM. PRAZAS:** 25

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

JOSÉ ÁNGEL OREIRO ROMAR

CARMEN MARÍA SALGUEIRO MOREIRA

SILVIA NEGREIRA VIDAL

CRISTINA DIAZ CARBAJO

María Jesús Lorenzana Somoza

CARLOS ABUIN FLORES

LUIS JESUS VAZQUEZ FORNO

PABLO LÓPEZ PAZ